



RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE DOUS SOCORRISTAS PARA A PISCINA MUNICIPAL DE VIMIANZO. ANO 2017.

Por Resolución da Alcaldía núm. 726/2016 de data 02/06/2016 aprobáronse as bases para a formación dunha bolsa de emprego para a contratación, baixo a modalidade de contrato laboral, de obra ou servizo de duración determinada, a xornada completa de dous socorristas para a piscina municipal de Vimianzo.

Por Resolución da Alcaldía núm.591/2017, de 06/06/2017 aprobouse a bolsa de emprego, para a contratación de dous socorristas para a piscina municipal de Vimianzo, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm.113, de data 16/06/2017, que está composta polos seguintes aspirantes:

NºOrde	Apelidos e Nome	DNI	Puntuación
1	CARBALLO CAMIÑO, ALBERTO	47404963P	9,4
2	RAMA AMIGO, JUAN MIGUEL	79303867J	8,2

Vistos os informes médicos de data 15/06/2017 (RE3763 e RE 3762) no que se consideran aptos para o desempeño do seu posto ao Sr. Carballo Camiño e ao Sr.Rama Amigo, respectivamente.emitido en cumprimento do establecido na base sétima das bases que rexeron o proceso de selección.

Consta memoria da alcaldía xustificativa da necesidade e da urxencia de contratar a dous socorristas para a piscina municipal, de data 29 de xuño de 2017, xustificando que o dito servizo enmárcase dentro do concepto de servizo prioritario dende o punto de vista de instalación deportiva para o desenvolvemento de actividades, sendo unha competencia propia de acordo co artigo 25 da LBRL.

Consta informe de intervención respecto da contratación de dous socorristas para a piscina municipal, en data 29/07/2017, en sentido favorable e no que sinala que existe crédito adecuado e suficiente, na bolsa de vinculación xurídico 3-1

Considerase que concorren os requisitos establecidos no art. 19.dous da Lei 3/2017, de orzamentos xerais do Estado para 2017, respecto da necesidade urxente e inaprazable de contratar a dous socorristas para a piscina municipal de Vimianzo, por consideralo un sector prioritario no ámbito de acción do Concello de Vimianzo.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local.

Visto canto antecede, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar o servizo de socorrismo na instalación deportiva da piscina como sector prioritario e declarar a necesidade e a urxencia de contratar a dous socorristas para a piscina municipal de Vimianzo, dando cumprimento aos requisitos do art. 3.Dos do RDLei 20/2011, limitacións vixentes para o exercicio 2017 por mor da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, que se entenden vixentes para 2017.

SEGUNDO.- Dispoñer a contratación das seguintes persoas, para o posto de socorristas para a piscina municipal de Vimianzo, cunha duración dende o día 03 de xullo ao 17 de setembro de 2017 (ambos incluídos), baixo a modalidade de contrato laboral por obra ou servizo de duración determinada, a xornada completa (40 horas semanais, de luns a domingo, cos descansos regulamentarios):

- D. Alberto Carballo Camiño , con DNI 47404963P.



- D. Juan Miguel Rama Amigo, con DNI 79303867J

- Os horarios de traballo e xornada laboral establécenos o Concello de Vimianzo. As retribucións do posto de socorrista da piscina municipal de Vimianzo ascenden a 1290,09 euros brutos mensuais (salario + pagas extras prorrateadas).

- Aos contratos deben engadirse as demais condicións establecidas con carácter preceptivo no ordenamento xurídico aplicable.

TERCEIRO.- Comunicar esta Resolución ós servizos económicos municipais e asesoría “Luis Fernando S.L.” de Vimianzo, para a súa alta na Seguridade Social e demais efectos oportunos.

CUARTO.- Notificar a presente resolución aos interesados, ordenar a súa publicación no taboleiro de edictos e na páxina web deste Concello, para os efectos da súa publicidade e dar conta ao pleno na primeira sesión que teña lugar.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde en Vimianzo, do que eu, secretaria acumulada, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria acumulada